



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA A TRAVÉS DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. PARA FACILITAR OS PRÉSTAMOS DE CAMPAÑA 2020 A ADEGAS, GARANTIDOS POLO INSTRUMENTO FINANCEIRO DE XESTIÓN CENTRALIZADA.

### Reunidos:

Dunha parte, a Consellería do Medio Rural, e no seu nome e representación, D. José González Vázquez, en virtude das facultades que lle confire o Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, e de conformidade co artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Doutra parte, D. Jesús Combarro Pereira DNI 76575312-D, en calidade de Director ABANCA Agro, en representación da entidade financeira ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A., en virtude do poder de data 22 de novembro de 2017

Os comparecentes, interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e para ese efecto,

### EXPOÑEN:

**Primeiro.** – O Marco Nacional de Desenvolvemento Rural aprobado pola Comisión Europea, mediante Decisión do 13 de febreiro de 2015, en aplicación do disposto no Regulamento (UE) nº 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro de 2013, polo que se establecen disposicións comúns relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión, ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e polo que se establecen disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo, ao Fondo de Cohesión e ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca, e derrégase o Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, inclúe no seu apartado 5 un instrumento financeiro plurirrexional de adhesión voluntaria destinado a financiar determinadas actuacións contidas nos programas de desenvolvemento rural.

**Segundo.** - As medidas do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020 ás que corresponden as actuacións que poden ser obxecto de financiamento a través do instrumento financeiro, inclúen entre outras a medida 4.2 (investimentos en transformación/comercialización e/ou desenvolvemento de produtos agrícolas). Nesta medida figura establecida a posibilidade de garantir con fondos Feader préstamos destinados ao capital circulante de empresas agroalimentarias, en aplicación





do Regulamento (UE) 2020/558 do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de abril de 2020 polo que se modifican os Regulamentos (UE) 1301/2013 e (UE) 1303/2013 no que respecta a medidas específicas para ofrecer unha flexibilidade excepcional no uso dos Fondos Estruturais e de Investimento Europeos en resposta ao brote de COVID-19. Este regulamento establece que cando os instrumentos financeiros presten axuda en forma de capital de explotación ás pequenas e medianas empresas (Pemes), esa axuda tamén poderá prestarse con cargo ao Feader no marco das medidas recollidas no Regulamento (UE) 1305/2013 e pertinentes para a execución dos instrumentos financeiros. Os devanditos gastos subvencionables non poderán superar os 200 000 EUR.

**Terceiro.** En aplicación do indicado, o Marco Nacional de Desenvolvemento Rural aprobado pola Comisión Europea, mediante Decisión de 13 de febreiro de 2015, inclúe no seu apartado 5 un instrumento financeiro plurirrexional de adhesión voluntaria destinado a financiar determinadas actuacións contidas nos programas de desenvolvemento rural, mediante a concesión de préstamos garantidos para o seu financiamento. Este instrumento artículase mediante acordos específicos de financiamento establecidos entre o Ministerio de Agricultura, Pesca, e Alimentación (MAPA) , a Sociedade Anónima Estatal de Caución Agraria (SAECA), e as Comunidades Autónomas.

Procedimentalmente, o recoñecemento do dereito a estes préstamos garantidos caracterízase pola participación das entidades financeiras, que deben estar adheridas ao instrumento financeiro a través do correspondente convenio co MAPA, así como a un convenio específico coa Consellería do Medio Rural ao ser entidades colaboradoras na xestión das solicitudes de recoñecemento do dereito a préstamo garantido polo devandito instrumento financeiro. Nese sentido, ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. asinou co MAPA con data 29 de novembro de 2018 un convenio para facilitar os préstamos garantidos polo instrumento financeiro de xestión centralizada (en diante, Convenio do Banco co MAPA). Estes préstamos intégranse nun instrumento de garantía de carteira con límite máximo, proporcionando aos destinatarios finais a cobertura do risco de falta de pagamento para cada préstamo. Os trazos da carteira son unha taxa de garantía préstamo a préstamo, establecida no 80%, contía á que fará fronte o instrumento ante unha primeira perda, de modo que o 20% do importe impagado será asumido pola entidade financeira concedente do préstamo e o 80% restante polo instrumento financeiro, e unha taxa do límite máximo da garantía, establecida no 20% da carteira, que é a porcentaxe da carteira que cubrirá o instrumento financeiro, limitando o volume total de préstamos que poden ser garantidos.

**Cuarto.** - Por outra parte, a Consellería do Medio Rural publicou o día 20 de novembro de 2020 no DOG a Orde do 18 de novembro de 2020, pola que se regula o procedemento para o recoñecemento a adegas do dereito a préstamos de campaña no ano 2020 garantidos polo instrumento financeiro de xestión centralizada FEADER 2014-2020, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia





2014-2020, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) (código de procedemento MR364A). Esta orde (en diante, Orde de Convocatoria) indica no seu artigo 4 que na xestión deste procedemento poderán participar como entidades colaboradoras as entidades financeiras que subscribisen co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación o convenio de colaboración para facilitar os préstamos garantidos polo instrumento financeiro de xestión centralizada, sempre que formalicen un convenio de colaboración específico coa Consellería.

Por iso, dadas as competencias de cada unha das partes comparecentes, ambas as partes de común acordo, consideran conveniente subscribir o presente Convenio con suxeición ás seguintes:

## CLÁUSULAS:

### Primeira. - Obxecto do convenio

O obxecto do presente Convenio é establecer a forma e condicións nas que se desenvolverá a colaboración entre a Consellería do Medio Rural (en diante, a Consellería) e ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. (en diante, o Banco) para facilitar o acceso ao financiamento do capital circulante das adegas de elaboración de viño na campaña 2020, mediante a habilitación de préstamos de campaña garantidos polo instrumento financeiro de xestión centralizada (IFXC) FEADER 2014-2020, regulados pola Orde de Convocatoria.

### Segunda. - Condicións dos préstamos.

2.1. Prestatarios. Poderán ser prestatarios as Pemes agroalimentarias que sexan titulares de adegas de elaboración de viño acollidas ás denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas vitivinícolas galegas, que cumpran os requisitos establecidos na Orde de Convocatoria e que dispoñan dunha resolución individual válida por parte da Consellería de recoñecemento do dereito a un préstamo de campaña 2020 garantido polo IFXC.

Si, transcorridos seis meses desde a data de emisión da citada resolución, non se formaliza o correspondente préstamo, caducará o recoñecemento do dereito a que o préstamo proposto poda ser apoiado polo IFXC, polo que, de producirse a formalización superado ese prazo, dito préstamo non estará garantido polo IFXC.

2.2. Importe do principal. Será como máximo o que figure na resolución individual de recoñecemento do dereito sinalada no apartado anterior. En todo caso, o importe do préstamo concedido será posto a disposición do beneficiario de forma única e total.





2.3. Prazos de amortización. Os préstamos terán unha duración total de cinco (5) anos con un (1) de carencia de capital, sendo o prazo de amortización de catro (4) anos.

2.4. Comisións. Unicamente poderán devengarse, por unha soa vez, unha comisión en concepto de apertura do préstamo. A contía máxima de dita comisión en ningún caso superará o 1 por 100 do importe total concedido.

O Banco non poderá aplicar ningunha comisión de estudo nin de amortización anticipada.

2.5. Outras condicións. As condicións relativas a tipo de interese, intereses de mora, sistema de amortización e garantías dos préstamos, serán as indicadas na cláusula 5ª do Convenio do Banco co MAPA.

### **Terceira.- Procedemento de tramitación dos préstamos**

#### 3.1. Solicitud e resolución de recoñecemento do dereito ao préstamo garantido.

Os interesados en solicitar o recoñecemento ao dereito de préstamo garantido establecidos na Orde de Convocatoria, deberán presentar a súa solicitude a través das entidades financeiras colaboradoras. A solicitude irá dirixida ao Servizo de Industrias e Calidade Agroalimentaria da delegación territorial correspondente da Consellería onde se sitúe a industria solicitante, segundo no modelo que figura como Anexo A1 da Orde de Convocatoria, xunto coa documentación adicional indicada no artigo 6º desa Orde.

O solicitante autorizará ao Banco para a sinatura electrónica da solicitude, debendo achegar coa mesma esta autorización. O solicitante só poderá autorizar a unha entidade financeira para a sinatura electrónica da solicitude de recoñecemento do dereito a préstamo.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. O prazo de solicitude remata o día 21 de decembro de 2020.

Simultaneamente á presentación da solicitude ante a Xunta, o Banco solicitará directamente a SAECA polos medios electrónicos establecidos o Informe de Viabilidade Crediticia (IVC) necesario. Para eses efectos, o Banco requirirá previamente ao solicitante a autorización expresa a SAECA para que esta poda realizar as consultas precisas para a emisión do referido IVC, conforme ao modelo descargable que figura no sitio web de SAECA coa denominación "Autorización a SAECA", e que figura así mesmo como anexo a este convenio.





Se o solicitante non presenta a documentación requirida no prazo máximo establecido ou se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na convocatoria, requirirase ao interesado para que a emende no prazo máximo e improrrogable de 10 días. De non facelo así, terase por desistido da súa solicitude, previa resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas.

As solicitudes serán resoltas nun prazo máximo de tres meses contados desde o momento no que o solicitante presente toda a documentación requirida e se dispoña do informe de viabilidade crediticia de SAECA. Transcorrido o prazo máximo para resolver sen que o interesado recibise comunicación expresa, poderá entender desestimada a súa petición por silencio administrativo.

De acordo coas características do programa, o procedemento de concesión tramitarase en concorrencia non competitiva. As solicitudes resolveranse por orde de entrada das solicitudes completas ata esgotarse as dispoñibilidades orzamentarias aprobadas. O esgotamento do crédito motivará a inadmisión de posteriores solicitudes.

### 3.2. Solicitude, resolución e formalización do préstamo.

As solicitudes dos préstamos formularanse nas oficinas bancarias correspondentes, nos impresos e documentación normalizada específica establecidos. Ditos documentos incluírán as normas relativas a información e publicidade detalladas no apartado 2 da Cláusula Oitava do Convenio do Banco co MAPA. Para poder dar curso ás solicitudes, os titulares proporcionarán ao Banco unha copia da resolución individual de recoñecemento do dereito a préstamo emitida pola Consellería.

O Banco comprométese a resolver positiva ou negativamente as solicitudes de préstamos recibidas, nun prazo máximo de 20 días, unha vez que obre no seu poder toda a documentación precisa. As resolucións positivas serán comunicadas a SAECA para que esta dea cobertura ao aval individual de cada préstamo en nome do IFGC, así como para que subscriba co prestatario o correspondente contrato de afianzamento mercantil.

Para resolver positiva ou negativamente as solicitudes, o Banco terá presente, para todos e cada un dos préstamos da carteira, a existencia da garantía prestada polo IFGC sobre o 80% do nominal de cada un dos préstamos que conforman a carteira.

Os préstamos aprobados non poderán superar nin o importe establecido na resolución individual de recoñecemento do dereito a préstamo emitida pola Consellería, nin o prazo indicado no apartado 3 da cláusula segunda.





O Banco asume a obrigaón de atender todas as solicitudes, así como de informar ao MAPA tanto das solicitudes aprobadas e formalizadas como daquelas que puidesen ser denegadas pola entidade.

3.3. Outras condicións na tramitación dos préstamos. As condicións relativas a manual operativo, póliza de préstamo, comunicación de pólizas formalizadas, incumprimentos e reclamación de cantidades, serán as indicadas na cláusula 6ª do Convenio do Banco co MAPA.

#### **Cuarta. - Outros compromisos**

O Banco asume os seguintes compromisos adicionais:

- a) Colaborar na difusión do programa de axudas entre os seus clientes.
- b) Desenvolver os procedementos necesarios para o bo fin da tramitación das operacións, poñer todos os medios dispoñibles para facilitarlles o acceso a esta liña de financiamento ás empresas e colaborar na difusión deste programa.
- c) Cumprir as obrigas previstas para as entidades colaboradoras no artigo 12 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A entidade de crédito asinante deste convenio declara que cumpre os requisitos establecidos para obter a condición de entidade colaboradora no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### **Quinta. - Prazo de vixencia do convenio**

O presente Convenio produce efecto desde a data da súa sinatura, e estenderá a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2021, se prexuízo de que permanecerán en vigor os termos do convenio que poidan resultar de aplicación ós préstamos formalizados ó seu amparo durante o referido período de vixencia e ata a finalización do prazo dos préstamos suscrito ao seu amparo.

#### **Sexta. - Modificación, extinción e resolución do convenio**

As partes poderán modificar o presente convenio en calquera momento por acordo mutuo.

O convenio poderá extinguirse polas causas xerais admitidas en dereito e, en particular, por calquera das seguintes causas:

-Por mutuo acordo das partes manifestado por escrito.





-Por denuncia de calquera das partes comunicada por escrito á outra parte cun mínimo de 30 días de aviso previo.

-Por incumprimento ou irregularidades graves na execución do Convenio, por calquera das partes.

A resolución do convenio suporá, en todo caso, deixar atendidas fronte aos beneficiarios as obrigas xa contraídas por calquera das partes.

#### **Sétima.- Seguimento do convenio**

Crearase a partir da sinatura do presente Convenio, unha Comisión paritaria de seguimento, composta por dous representantes da Administración Autonómica, funcionarios da Consellería do Medio Rural, e por dous representantes do Banco, para o seguimento da execución do contido deste Convenio, así como para liquidar as dúbidas e controversias que da aplicación do mesmo puidesen derivarse.

A devandita comisión reunirse a proposta de cada unha das partes, rexéndose na súa organización e funcionamento polas normas sobre órganos colexiados previstas na sección terceira do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, así como na sección terceira do capítulo I da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### **Oitava.- Natureza do convenio**

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa e considérase incluído no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación.

Este Convenio rexerese polas súas propias cláusulas. Para todo o non previsto no seu clausulado estarase ao previsto no artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (BOE nº 236 do 2 de outubro), no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares, publicado por resolución da consellería de Economía e Facenda, do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), no decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto), e demais normativa de aplicación.

#### **Novena.- Xurisdición**





O presente Convenio, ten carácter administrativo, polo que calquera cuestión litixiosa que puidese xurdir entre as partes en canto á súa interpretación e cumprimento, poderá substanciar ante a xurisdición Contencioso-Administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita Xurisdición.

### **Décima.- Publicidade**

As partes asinantes consenten expresamente a inclusión e a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas neste convenio, no Portal de transparencia e Goberno aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro), e no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

### **Décimo primeira.- Confidencialidade e Protección de datos de carácter persoal**

#### 11.1. Información Confidencial

As partes conveñen en atribuír o carácter de confidencial a canta información, datos e documentación que o Banco proporcione a Consellería no desenvolvemento e execución do Convenio (en diante, a “Información Confidencial”).

En consecuencia, a Consellería comprométese a tratar a Información Confidencial integramente como reservada e protexida, a utilizala exclusivamente dentro da finalidade e para o cumprimento do presente Convenio, e a non divulgala, reproducila, nin poñela ao dispor de terceiros sen o consentimento previo e por escrito do Banco.

Os deberes de secreto e non difusión subsistirán mesmo despois de finalizado este Convenio.

Todo o anterior sen prexuízo do cumprimento da normativa en materia de transparencia no ámbito do sector público, e demais obrigas de información ás que imperativamente se atopen suxeitas calquera das partes; non obstante, respecto de calquera comunicación pública que puidese afectar á Información Confidencial que a Consellería debese realizar por esixencia dunha norma imperativa, se informará con carácter previo ao Banco, de non existir obstáculo legal en tal sentido.

#### 11.2. Tratamento de datos de carácter persoal

O tratamento de datos de carácter persoal realizado ao amparo do presente Convenio, rexerese polo disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre





circulación destes datos (en diante, o “ RGPD”), pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, a “LOPD”), así como cantas outras normas legais ou regulamentarias incidan en, desenvolvan ou substitúan ás anteriores neste ámbito.

Para o cumprimento e desenvolvemento do presente Convenio, as partes intercambiarán datos de carácter persoal dos beneficiarios das formas que nel se establecen. No desenvolvemento destas comunicacións de datos, ambas as partes revestirán a figura de responsables do tratamento, séndoo para cada unha das súas respectivas finalidades e funcións, como ente público e como entidade financeira, respectivamente. Nestes casos, cada unha das partes -na súa condición de responsable do tratamento, con carácter previo a realizar a comunicación dos datos á outra parte cando corresponda, deberá garantir a procedencia lícita dos datos cedidos, responsabilizándose de obter os mesmos conforme ó establecido na normativa vixente de protección de datos, dispor de una base de lexitimación para a comunicación dos datos de acordo co establecido no artigo 6 del RGPD, así como cumprir coas obrigas de información ós beneficiarios de conformidade co establecido nos artigos 13 e 14 do RGPD.

### 11.3 Datos dos representantes das persoas xurídicas comparecentes

Cada parte informa á outra de que os datos persoais dos representantes, empregados ou outras persoas físicas que actúen en nome ou por conta da outra parte e que lle sexan facilitados por tal parte (isto é, datos de contacto profesional, cargo desempeñado na entidade/empresa e, no seu caso, poderes para actuar no seu nome e representación - os “Datos de Contacto”), serán tratados coa finalidade de xestionar o presente Convenio; así como, no seu caso, para cumprir coas obrigas normativas impostas ás partes, durante a vixencia do mesmo. A base xurídica para o tratamento dos datos atópase no interese lexítimo das partes en garantir a xestión e execución deste Convenio. Unha vez finalizada a vixencia, os datos serán conservados (tal como indica a normativa), aos únicos efectos de cumprir as obrigas legais requiridas e para a formulación, exercicio ou defensa de reclamacións, durante o prazo de prescrición das accións derivadas do presente Convenio.

O titular dos datos pode exercer os dereitos de acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, de acordo coa normativa de aplicación:

Respecto ao Banco: [privacidad.proveedores@abanca.com](mailto:privacidad.proveedores@abanca.com).

Respecto a Consellería: a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.





Así mesmo, os interesados poderán dirixir aquelas reclamacións derivadas do tratamento dos seus datos á Axencia Española de Protección de Datos ([www.aepd.es](http://www.aepd.es)).

Finalmente, os datos de contacto do Delegado de Protección de Datos son:

Respecto ao Banco: [privacidad@abanca.com](mailto:privacidad@abanca.com)

Respecto a Consellería: <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

#### **Décimo segunda. - Remisión normativa.**

En todo o non regulado expresamente neste convenio, estarase ao establecido no Convenio do Banco co MAPA, así como na Orde de Convocatoria.

En proba da súa conformidade, as partes asinan este convenio na data da súa sinatura dixital

Pola Consellería do Medio Rural

Polo banco

O Conselleiro

Director ABANCA Agro

José González Vázquez

Jesús Combarro Pereira



## ANEXO



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Unión Europea  
Fondo Europeo Agrícola  
de Desarrollo Rural  
*Europa invierte en las zonas rurales*



## INSTRUMENTO FINANCIERO DE GESTIÓN CENTRALIZADA (IFGC)

### AUTORIZACIÓN A SAECA PARA LA EMISIÓN DE INFORME DE VIABILIDAD CREDITICIA

DATOS DEL TITULAR		
APELLIDOS Y NOMBRE/RAZÓN SOCIAL:		
NIF :	TELÉFONO:	CNAE:
F. NACIMIENTO/CONST.:	E-MAIL:	
DIRECCION: (Calle – Localidad – Provincia –C. Postal)		
ESTADO CIVIL:	RÉGIMEN PATRIMONIAL: <input type="checkbox"/> Gananciales <input type="checkbox"/> Separación Bienes	
APELLIDOS Y NOMBRE CÓNYUGE:		
F. NACIMIENTO CÓNYUGE:	CNAE CÓNYUGE:	
EN CASO DE PERSONAS JURÍDICAS, DATOS DEL REPRESENTANTE		
APELLIDOS Y NOMBRE:		NIF :
EN CASO DE ENTIDADES SIN PERSONALIDAD JURÍDICA, IDENTIFICACIÓN DE LOS SOCIOS		
Socio nº1	NIF:	APELLIDOS Y NOMBRE:
Socio nº2	NIF:	APELLIDOS Y NOMBRE:
Socio nº3	NIF:	APELLIDOS Y NOMBRE:
Socio nº4	NIF:	APELLIDOS Y NOMBRE:
DATOS DEL PRÉSTAMO (*)		
IMPORTE INVERSIÓN:		IMPORTE PRÉSTAMO INV.:
FINALIDAD INVERSIÓN:		
PLAZO TOTAL:	PLAZO AMORTIZACIÓN:	PLAZO CARENCIA:
IMPORTE C. CIRCULANTE:		IMPORTE PRÉSTAMO C.C.:
PLAZO TOTAL:	PLAZO AMORTIZACIÓN:	PLAZO CARENCIA:
IMPORTE PRÉSTAMO INVERSIÓN + CIRCULANTE:		
PLAZO TOTAL:	PLAZO AMORTIZACIÓN:	PLAZO CARENCIA:

(\*) Los datos del préstamo son orientativos respecto a los que establezca, en su caso, la Decisión Individual de Inversión en la que la autoridad de Gestión reconozca el derecho a un préstamo garantizado por el IFGC





A efectos de la emisión por parte de la Sociedad Anónima Estatal de caución Agraria (SAECA) del Informe de viabilidad crediticia para la Autoridad de Gestión del Programa de Desarrollo Rural 2014-2020 de ....., para que esta pueda proceder al reconocimiento del derecho a un préstamo garantizado por el Instrumento Financiero de Gestión Centralizada,

SE **AUTORIZA** a SAECA a:

- La incorporación de todos los datos de carácter personal dimanantes de la presente solicitud, a su sistema informático, de modo que puedan realizarse automatizadamente todas las tareas propias de SAECA. A estos efectos, tales datos se conservarán por SAECA por el plazo que fije la Ley. El interesado tendrá derecho al acceso, rectificación y cancelación de los datos, de conformidad con lo previsto en la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, y normas de desarrollo.
- Solicitar información a la Central de Riesgos del Banco de España, situación sobre mis riesgos crediticios, autorización que hago extensiva a la mencionada Central de Información de Riesgos para que facilite los datos interesados.
- Solicitar información al Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) sobre las ayudas recibidas y pendientes de recibir, así como superficies, producciones, información sobre los datos de declaraciones de entregas de leche, etc., haciendo extensiva esta autorización al FEGA para que se la facilite a SAECA.
- Solicitar a la Entidad Estatal de Seguros Agrarios (ENESA) y a Agroseguro, información relativa a la contratación de seguro con coberturas crecientes comprendido en el plan de seguros agrarios combinados vigente, autorización que hago extensiva a la citada entidad (ENESA) y a Agroseguro para que facilite los datos interesados.

En ....., a .... de ..... de 20....

Firmado (1) .....

DNI.....

<sup>1</sup> En el caso de entidades sin personalidad jurídica, firmarán la autorización **TODOS** los socios de la misma

